

Taller de mellora competitiva: Ecoeficiencia e Ecoinnovación, 23, 30 abril, 7, 14 maio

Mércores, 15 de Abril do 2009

O BIC Galicia e a Fundación Empresa Universidade Galega FEUGA desenvolven conxuntamente o Programa de Talleres de Mellora Competitiva TMC co obxectivo de contribuír á mellora da produtividade e a competitividade das empresas galegas.

Os Talleres de Mellora Competitiva TMC teñen como filosofía a realización de actuacións que contribúan á implantación efectiva de procesos de mellora nas empresas a través do emprego de novas técnicas e ferramentas de xestión empresarial.

Obxetivos

- Aprender os conceptos e as utilidades da ecoeficiencia e a ecoinnovación como ferramentas de competitividade para as empresas.
- Adquirir os coñecementos necesarios para optimizar os procesos de ecoeficiencia e ecoinnovación, mellorando o rendemento obtido mediante a implantación dun sistema de xestión ambiental.
- Aplicar as técnicas e metodoloxía a seguir para avaliar os aspectos ambientais dos seus produtos e servizos detectando as posibles áreas de mellora.
- Coñecer as novas oportunidades de negocio que expón a sustentabilidade.

Matrícula

Gratuíta, realizarase por rigorosa orde de inscrición.

A asistencia está suxeita ao número de prazas dispoñibles.

Información e inscricións

Data límite de inscrición: 17 de abril

Para incribirse e obter máis información

Inscricions: feugaformacion@feuga.es

[Consultar folleto \(PDF, 2,31 MB\)](#)